



# FERVENZAS DO RÍO LOBIOS


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** Lobios a Saa: 2,5 km  
a pé: 2.200 m (ida e volta)

**Dificultade:** alta

**Duración:** 1 hora



En Saa, na parroquia e concello de Lobios. O río Lobios é un afluente do Limia que baixa da serra do Xurés cun gran desnivel.

A ferverza inferior ten en total 15 metros, comeza cun fermoso tobogán e logo un salto estreito a carón dun muíño. As ferverzas superiores son menores e menos espectaculares.

**COMO CHEGAR:** desde Lobios cóllese a estrada a Saa. Á saída da aldea unha pista á dereita leva en 200 metros a unha ponte sobre o río. Antes de que a pista xire á esquerda, xusto antes dunhas colmeas, sae dela, póla esquerda, un camiño que remata na levada da toma de augas ao pé da ferverza.

Para ver as de abaixo sóbese ao monte que está fronte ao camiño, onde están as colmeas, e ándase por el seguindo desde a altura o curso do río. A uns 100 m vese unha escorregadeira e un muíño, ao pé do que está a ferverza mais grande. Pódese baixar a ela buscando o carreiro do muíño ou a valmontes con moita dificultade.

Río abaixo hai outra duns cinco m de alto.

